



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE DECEMBRO DO 2015

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Díos.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Secretaría:

Dona Ana María Ares Álvarez.

En Padrón, sendo as trece horas do día vinte e dous de decembro do dous mil quince, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total os trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

ÚNICO.- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELEIRO ELECTO DON FRANCISCO GARCÍA DIOS.

Sr. Alcalde. Di que, en primeiro lugar, quere, dado que é o día 22, felicitar as festas a toda a Corporación e a todos os padroneses e a todas as padronesas e seguidamente procede a tomar posesión do cargo de concelleiro electo a don Francisco García Díos e a tal efecto procede a ler a fórmula legal de xuramento ou promesa, ao que poderá contetar "si xuro" ou "si prometo":

<<¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONOR CUMPLIR FELMENTE AS

OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO CON LEALDADE AO REI, E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?>>

Sr. García Dios. Contesta "si prometo".

Sr. Alcalde. Dalle a palabra ao señor García Dios.

Sr. García Dios. Dá os bos días ao señor alcalde e a toda a Corporación e di que para el é unha honra tomar posesión de novo como concelleiro deste pobo e aportará o seu grao de area para solucionar, na medida do posible, os problemas que xurdan aos padroneses e padronesas, tanto do urbano como do rural. Que o fará dende o primeiro día traballando e procurando o maior consenso con todos os grupos aquí representados. Moitas gracias e felices festas.

Por parte do público asistente e membros da Corporación prodúcense aplausos.

A continuación o señor Alcalde entrega ao señor García Dios a medalla de concelleiro e unha insignia do Concello e abre un turno de intervencións.

Sr. Santaló Ríos. Dalle a benvida de novo e que se lle cumplan todos os seus desexos.

Sr. Rodríguez Conde. Dalle a benvida e dille que sempre que se traballe por e para Padrón o seu grupo político estará ao seu lado.


Sra. Rey Pazos. Dalle a benvida e felicita as festas a todos.

Sr. González Pardal. Dalle a benvida.

Sr. Forján Seoane. Desexa felices festas a todos como fixo o señor alcalde e dalle a benvida ao novo concelleiro por segunda vez e espera que ese grao de area do que falou se convirta nunha montaña en beneficio de Padrón e que ese consenso que pide hai que pedilo sempre non só cando se está en minoría, senón tamén cando se está con maioría.

Sr. Rodríguez Carbia. Dalle a benvida e espera que sexa para mellorar e lograr ese consenso tan necesario nunha Corporación. Que veña con predisposición para traballar e non se quede nunha mera declaración de intencións. Que o próximo ano veña sen tantos recortes e felices festas a todos.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as trece horas e dez minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina o señor Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.


Alcalde Presidente
Asno. Antonio Fernández Angueira


Secretaria
Asno. Xña María Ares Álvarez